

programas

BANDA MUNICIPAL DE MÚSICA DE LOUSAME

Aires de Pontevedra. Pasodoble
Adonis Ferreiro García

The witch and the saint
Steven Reineke

Appalachian overture
James Barnes

Rapsodia galega. 2º movement
Xoan Montes

BANDA MUNICIPAL DE MÚSICA DE MEIRA

La primitiva
Jeff Penders

Airiños Aires
Gustavo Freire

Oregón
Jacob de Haan


BANDA MUNICIPAL DE MÚSICA DE RIBADEO

Carrascosa
J. Teixidor

Rapsodia Galega nº1
Enrique García Rey

Les Misérables
A. Boublil / C.M. Schönberg
Marcel Peeters


Concello de
Ribadeo 

 Asociación Amadores da Música


Banda Sinfónica
Municipal de Ribadeo


DEPUTACIÓN DE LUGO
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA


Cultura



XVIII festival de BANDAS de Ribadeo

25 de xullo de 2012
Parque San Francisco

1992-2012
20º ANIVERSARIO
BANDA MUNICIPAL DE RIBADEO

BANDA MUNICIPAL DE MÚSICA DE LOUSAME

www.actiweb.es/bandadelousame

A presentación da Banda de Lousame ten lugar o Día das Letras Galegas de 1996. A primeira formación da banda conta con 25 músicos, dirixidos por Prudencio Romo, prestixioso músico noiés e membro fundador do mítico grupo "Os Tamara", que se amplían ata os 45 con que conta na actualidade.

A Banda de Lousame participa en festas e romarías por toda Galicia así como en numerosos festivais de bandas.

No ano 2004 actúa no Día Internacional da Familia en Santiago de Compostela e na presentación da ONG Familias Mundi, motivo polo que grava un CD co himno desta organización.

Durante os anos 2007 e 2008 forma parte, xunto coas bandas de Brión e de Outes do Proxecto Musical Briñou, facendo concertos conxuntos das 3 bandas no Auditorio de Galicia e en Certames Internacionais en Ogijares (Granada) e Figueira da Foz (Portugal). En agosto de 2010 realiza a gravación do seu primeiro disco.

En novembro de 2011 participa por primeira vez no Certame Galego de Bandas de Música acadando o segundo posto na Sección Terceira e o premio á mellor interpretación dunha obra galega coa obra "O demo de Carboeiro" de Manuel Blanco Dosal.

Nestes últimos anos colaboraron con esta banda prestixiosos directores como Adonis Ferreiro ou Xosé Carlos Serás Oliveira, director da Banda Sinfónica da Federación Galega de bandas de música.

Dende outubro de 2006 está dirixida por Fernando Frojan Canle.

FERNANDO FROJAN CANLE

Nacido na aldea de Ces, no propio Concello de Lousame inicia os seus estudos de trombón á idade de 17 anos na Escola de Música do Sanguinal (Lousame) da man do mestre Prudencio Romo continuando no Conservatorio de Ribeira e logo no Conservatorio Superior da Coruña onde obtén no ano 2009 o título de profesor superior de trombón.

Durante este tempo recibe clases de Álvaro López, Carlos Badeses, Bernardo Méndez, Aníbal Sousa e Arturo Centelles e asiste a cursos de perfeccionamento con Rubén Prades, Ricardo Casero, Simeo Galdud, Alberto Urretxu, Carlos Abuín, Enrique Ferrando, John Etterbeek, Francisco Rosario, Unai Urretxu e outros.

Asiste a cursos de dirección de banda con Marcel van Bree, Jan Cober, e José Rafael Pascual Villaplana, de bombardino con José Luis Vázquez "Cote" e harmonía e improvisación de jazz con Kin García e José Somoza.

Colabora habitualmente con numerosas bandas de Galicia. Colabora tamén coa Banda da Federación Galega de Bandas de música populares, coa Roberto Somoza Jazz Orquestra, coa Roberto Somoza Big Band, coa Jose Somoza Big Band, e a Big Band do COSMAC, coa cal grava un disco e participa no festival Iberofazz da Coruña dirixidos por Steve Brown e Walter White.

En Decembro de 2009 estrea como solista, no Auditorio Andrés Gaos da Coruña, acompañado pola Orquestra Sinfónica do COSMAC e dirixida por Rogelio Groba, a obra para trombón e orquestra OperaS RotaS, do compositor Iván Armán.

Actualmente é profesor de vento metal na Escola de Música de Lousame, profesor de trombón, tuba e bombardino na Escola de Música de Outes e dirixe a Banda Municipal de Música de Lousame.

BANDA MUNICIPAL DE MÚSICA DE MEIRA

Esta banda foi creada no ano 2002 a través da escola de música municipal tamén creada nese mesmo ano da man do seu director Francisco Javier García Canto. Naqueles anos a banda contaba con 15 músicos todos da zona ata chegar aos nosos días cun total de 35 músicos todos da zona.


A banda de música de Meira ten un currículo moi amplo de actuacións pero destacar algunhas como Brión, Valga, A Caridade, Cabalgata de Reises de Oviedo, Portomarín, Paradela, Sarria, Monforte, O Saviñao, Guntín, A Pontenova, Riotorto, Vilalba, Festa emigrante de Mosteiro, actuacións no programa Luar, homenaxe a Xosé Manuel Seivane, etc. Este ano a banda decide celebrar o seu XX aniversario o cal tivo lugar o día 22 no convento en Meira coa participación das bandas de Ribadeo, Vilaiba, Rábade e Meira.

FRANCISCO JAVIER GARCÍA CANTO

Francisco Javier García Canto comeza os seus estudos aos 5 anos ca man do mestre Corral. Máis tarde ingresa no conservatorio de Vilalba e remata os seus estudos co prestixioso mestre Narciso Pillo no Conservatorio Estatal Superior de Música da Coruña.

Recibe clases de prestixiosos mestres como son Charrier, Ureña, Eric Devalon, Iwan Roth, Antonio Beljar, Coello, Padilla, entre outros e de dirección con Marcel Van Bree.

Actualmente é mestre nas escolas de Castro de Rei, Guntiriz, Universidade Senior da Coruña, Meira, Xermade e Paderne.



BANDA MUNICIPAL DE MÚSICA DE RIBADEO

A Banda de Música Municipal de Ribadeo, promovida pola asociación "Amadores da Música" (hoxe en convenio permanente co Concello, polo que leva tamén o nome de Municipal), fixo a súa presentación pública en concerto, o 25 de xaneiro de 1992.

Da man do mestre D. Hernán Naval Parapar ten tocado nas principais cidades da Galicia. Tamen ten actuado en varias ocasións e feito gravacións para RTVG e na TVE.

A BMMR dende o seu nacemento tivo un carácter educativo, tanto para o público como para propia Banda e rompeu cos atavismos das dianas e pasarrúas como único horizonte das bandas de música populares. Abriu un camiño e un estilo propio que axiña foi adoptado por outras Bandas.

A finais de 1997, editou un primeiro CD. No ano 2001, un segundo CD estaba a punto de se rematar cando se produciu o pasamento de Hernán Naval. O proxecto quedou en suspenso e tivo que ser rematado uns meses despois baixo a dirección de Marcel van Bree.

A Banda pasou a ser dirixida puntualmente por Marcel van Bree e por Mariano Rivas. Durante os dous anos seguintes, tomaron a batuta José Luis Alvarez Braña como director, e Bernardo Méndez como coordinador e director en funcións, ata o 2009 foi dirixida por Lourenço F. da Silva. Dende xullo de 2009 esta a ser dirixida por David Ballester Martínez.

No ano 2008 gravou nos estudos Mans da Coruña, a banda sonora da película que se rodara en Rinio "Os mortos van á presa".

DAVID BALLESTER

Nace en Betanzos. Á idade de nove anos ingresa na Escola de Música da súa vila natal. No ano 1992 ingresa no Conservatorio de Betanzos e alí será discípulo de Juan A. Cervero, clarinetista solista da OSG. No ano 1996 é admitido, mediante proba de acceso, no Conservatorio Profesional da Coruña e alí estuda con Carlos Casadó. No 2003 ingresa no Conservatorio Superior da Coruña e comparte aulas con José M. Belló.

Asistiu a cursos con profesores de gran prestixio como Guy Deplus, Michael Arrignon, Roy Jowitz... Participou en diversas actividades formativas de Música de Cámara co catedrático Luis Rego e de Recursos Pedagóxicos na Educación Musical con Enrique Muñoz. Tamén realizou cursos de dirección con Jan Cober, J.R. Pascual-Villaplana e Norman Milánés.

Foi profesor na Escola de Música de Ortigueira. Membro do cuarteto de clarinetes Stadler e tamén da Banda Municipal de Betanzos. Formou parte do grupo de música de cámara Proxecto Cámara 2.07 e clarinetista solista na Banda Ferrolá de Música. É decote reclamado para colaborar con agrupacións de diferentes puntos da nosa comunidade: Silleda, O Rosal, Monterroso, Santa Cruz de Ribadulla, Arteixo,...

Na actualidade exerce tamén como profesor de clarinete na Escola Municipal de Música e Danza de Ribadeo, e dirixe a Banda Municipal de Ribadeo dende o ano 2009.